

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Anuncio de aprobación inicial afectación de terreos a uso público

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DA AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2026, aprobou inicialmente da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados na táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público e a súa consecvente integración no dominio público.

Referencia catastral	Uso público
4967516NJ6046N0001KT	Adecuación área de lecer
6969302NJ6066N0001HD	Zona de esparcemento
7960914NJ6075N0001BM	Carril desaceleración e zona de aparcadoiro público

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais, sométese a información pública e audiencia dos interesados, polo prazo de UN MES, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para que poida ser examinado o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>.

Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo, no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública.

Documento asinado dixitalmente por don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde - Presidente en Pontedeume a 30 de marzo de 2026

2026/1977